

Paseo Fantasma

Pasea pola casa unha pantasma
tranquila.

Xa viviu a súa vida.

Non chora nin laia.

Salaia.

Non berra nin asusta

e ben que me gusta

a melosa,

silenciosa,

agarimosa

pantasma.

Como é transparente,

a través da pantasma

vexo a luz da lúa,

o aire tremente.

Faime coller frío

nos pés e no ventre.

Pero a pobre pantasma,

que está morta e remorta,

o frío non sente.

Pasea pola casa unha pantasma.

Dorme quedriña connmigo na cama.
Cando sae o sol, ao amencer, marcha
e eu sinto que algo me falta.
Sabe mil cancións para chamar o sono.
Sabe mil contos.
Sabe mil xogos.
É unha amiga, unha amiga invisible.
Ás veces mírame triste.
Ás veces mírame con ganas
de darme un abrazo,
de taparme coas sabas...
Pero non pode:
as súas mans son de vento.
É que é unha pantasma,
unha pantasma sensible.
Pasea, sen máis, pola casa,
coma un suspiro,
coma un alento.
Ninguén a ve
aínda que está moi preto,
a miña agarimosa,
melosa,
silenciosa
pantasma.

1. Responde:

a) Quen é a protagonista desta historia?

b) Neste poema, o autor expresa os seus sentimentos ou, fundamentalmente, conta unha historia?

2. As palabras laia e salaia son moi semellantes.

Relaciona cada verbo coa súa definición:

Laiaar a) Xemer, dar suspiros de pena.

Salaiaar: b) Queixarse, expresa pena ou sufrimento mediante choros, palabras...

3. Que significa que a pantasma xa viviu a súa vida? Explica coas túas palabras.

4. Busca nos seis últimos versos un antónimo das seguintes palabras e forma parellas:

Todos Lonxe Arisca Ruidosa Agre

5. Preguntámonos polo lugar e o tempo:

- Por onde pasea a pantasma do poema?
- Onde dorme e con quen?
- Cando marcha a pantasma da casa?
- E que fai pola noite? Escribe, cando menos, tres accións.